

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE ABRIL DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis de abril de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión á secretaria xeral do Pleno, por substitución do vicesecretario, dona Ana María Rivas García, e a interventora xeral accidental, dona María de la Concepción Castro-Gil Iglesias, as cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS

1. SECCIÓN DE MOBILIDADE URBANA E SANCIÓN.- Aprobouse o proxecto de Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Autotaxi.

ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

2. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Aprobouse a solicitude da subvención destinada á cofinanciación do mantemento de axentes locais de innovación por parte dos concellos das cidades membros da Rede Innpulso-ano 2025- Ministerio de ciencia, innovación y universidades.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Aprobouse a contratación dun servizo de coordinación de seguridade e saúde para o “Servizo de mantemento e conservación das vías públicas urbanas no Concello de Lugo”. Aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2025/C003/000015.

Aprobouse a contratación da renovación de licenzas e mantemento da dos firewalls perimetrais do Concello de Lugo. Exp. Ref. 2025/C004/000010. Adxudicación.

Aprobouse a contratación mediante catro lotes do deseño, maquetación e impresión material de papelería (carteis, folletos, dípticos, trípticos, programas grampados, libros, revistas...) para difusión de actividades culturais. Exp. Ref.

2025/C003/000003. Adxudicación.

Aprobouse a contratación do Programa “Camiño ás aulas” nos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Lugo. Exp. Ref: 2025/C003/000009. Adxudicación.

Aprobouse a contratación da prestación do servizo de vixilancia e control de accesos para a contratación do servizo vixilancia e control de accesos para a casa do Concello, o centro de servizos municipais, fogar do transeúnte e recinto Cei-Nodus-Espazo>Lab e Parque da Milagrosa. Expte. Ref. 2024/C003/0000024. Adxudicación.

Aprobouse a contratación do programa xadrez para escolares dirixido a alumnado de centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Lugo. Aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2025/C003/000016.

4. SERVIZO DE FOMENTO.- Aprobouse e asinouse a addenda ao convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Lugo para a execución do plan de sustentabilidade turística de Lugo “...ET EDENDO LUCUS: UN PERCORRIDO HISTÓRICO POLA ENOGASTRONOMÍA” no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextgenerationEU.

Aprobouse o texto e procedeuse á sinatura da addenda ao Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Mercado do Nadal e apertura do Novo Auditorio municipal”, ano 2024.

5. LICENZAS.- Aprobouse a licenza urbanística para construír un edificio na rúa Montirón, números 36-38-40. Exp: 2023/Y001/000154).

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.